





O aroma do liquidámbar



Unha rosa fresca no cuarto de Susana mantiña viva a súa presenza no corazón de Miro; os recendos das herbas perfumadas de Adelaida, e sobre todo o aroma do liquidámbar, recordábanlle a Daniel o espírito feiti ceiro da súa nai, e mais o de Violeta, a súa avoa.

An Alfaya. **EDIT. XERAIS**


Cuentos de terror del barco negro.



Con medo y con sumo interés, unos pequeños atienden la serie de cuentos que les relatará el marino, para luego no saber si éstos se pueblan de fantasmas o si ellos mismos son espectros que vagan sin rumbo por la vida.

Chris Priestley. **EDIT. S.M.**

Caídos do mapa.



Graciela, Paula, Fabián e Fede foxen da clase de Xeografía e agóchanse no soto da escola. Un bo plan se non fosen sorprendidos por Miriam, a acusona da clase. Así comeza a serie 'Caídos do mapa', que narrará as aventuras de catro amigos no seu paso

María I. Falconi. **EDIT. RINOCERONTE**


As memoria da choiva.

Cando un coñecido psicanalista e polémico colaborador televisivo, aparece co peito aberto no seu piso da compostelá rúa República do Salvador, son dúas as cousas que chaman a atención do xornalista Aquiles Vega e da profesora Sofía Deneb. A primeira é a brutalidade, a violencia extrema con que o crime foi levado a cabo. A segunda, ese detalle que non encaixa na escena: unha estraña peza de ferro chantada no corazón



Pedro Feijoo. **EDIT. XERAIS**

El Hobbit.



Unha nova oportunidade de desfrutar dun clásico xa da literatura fantástica. Existe a versión en galego publicada por Xerais na súa colección "Fóra de xogo". Un gran clásico moderno preludio das vastas e poderosas mitoloxías do

J.R. Tolkien. **EDIT. MINOTAURO**

Non esquezades visitar o noso blog:

<http://moradabuli.blogspot.com>

E a nosa páxina do Facebook.

Feliz Nadal
de lecturas



DECEMBRO 2013

BIBLIOTECA ESCOLAR

CEIP DO CASTRILLÓN-COIRO

CANGAS

EDUCACIÓN INFANTIL




Gato vermello, gato azul



Gato Vermello e Gato Azul vivían na mesma casa. Gato Azul estaba arriba. Gato Vermello estaba abaixo. Cada vez que se vían... Non che era bo asunto. Nada bo. Mais os dous tiñan un desexo ...

Jenny Desmond. **EDIT. LATA DE SAL**

Ladrón de gallinas



Un zorro rapta a una gallina y huye. El oso, el conejo y el gallo lo persiguen día y noche, hasta que al fin, extenuados, le encuentran en su guarida, pero... Un final inesperado...

Beatrice Rodríguez. **EDIT. ZORRO ROJO**

Pan de millo

Migallas Teatro anima a cantar e a bailar a toda a familia neste libro-disco ilustrado, con colaboracións de prestixiosos músicos galegos. Temas cotiás e ritmos diversos para practicar o xogo e a expresión dramática, recuperar a memoria dos maiores e potenciar o galego.




Migallas. **EDIT. KALANDRAKA**

1º CICLO




As orixes de Marcopola



MARCOPOLA, antes de chamarse así, era unha illa illada no medio do océano, e aburríase moito. Todo cambiou aquela mañá en que un estraño obxecto apareceu na súa praia. Que sería esa cousa tan rara? Para que serviría?

Jacobo Fdez. Serrano. **EDIT. XERAIS**

Un hipopótamo na bañeira



Tamén escrito en galego, «Encántame bañarme e sempre levo comigo ó meu patito Pukka. Meter dentro da bañeira unha tartaruga, dous pingüíns, unha foca, un hipopótamo e unha balea... Sí se pode!

Kioko Matsuoka. **EDIT. LATA DE SAL**

Venres



Igual xa oístes falar de min e do meu amigo Robinson, pero seguro que da súa boca. Agora vouvos contar eu a historia de como coñecín o home branco.

Santiago Freire. **EDIT. RINOCERONTE**

2º CICLO



Dinosaurios. De pequenos a grandes.



Dispoñible tamén en galego. Debuxados con esmero e agrupados por medidas. Están no libro Dinosaurios, de pequenos a grandes, de Roc Olivé.

Roc Olivé. **EDIT. COSSETÀNIA**


O poder de Amabel



Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes: unha forza descomunal, a velocidade do raio, unha abraiante intelixencia ou mesmo a capacidade de facerse invisible. Pero Amabel aínda non sabe cal é a súa habilidade. Para descubrir, embarcarase en aventuras ben peculiares.

Érica Esmoris. **EDIT. RINOCERONTE**

Astérix e os Pictos



O novo álbum Astérix e os Pictos pertence a colección clásica de Astérix. Nas súas novas aventuras, Astérix e Obélix viaxan a Caledonia, a Escocia romana. O volume está traducido ao galego por Xavier Senín e Isabel Soto.

R. Goscinnny. **EDIT. SALVAT**